

Tabaco

Lembra!

Decide por ti...

**Non
te deixes
enganar**

Tabaco

**Non
te deixes
enganar**

Tabaco

Crees que es maior por fumar?

Hai que ser unha "persoa adulta" para dicir "**NON**" ao grupo, o fácil é deixarse levar.

Fumar non é o normal

En Galicia fuman a diario 17 de cada 100 galegos e galegas. E agora que xa o sabes, segues pensando que a "maioría" da poboación adulta fuma?

O tabaco é tóxico

É prexudicial en calquera das súas formas (cigarros, tabaco de liar, tabaco sen combustión ou calquera outro produto de tabaco), e tamén o cigarro electrónico con nicotina. A evidencia científica demostra que o consumo de tabaco pode producir adicción, diversas enfermidades e incluso a morte. Non hai unha cantidade mínima de consumo segura para o organismo. Non existe unha maneira "saudable" de consumilo.

Realmente queres depender dunha substancia?

O consumo de tabaco ou de calquera produto con nicotina, pode producir adicción, o que te converterá nunha persoa adicta, que non poderá controlar o seu consumo. Deixarás-de ser libre para decidir, a adicción decidirá por ti. É eso o que queres?

Eu decido onde fumo!

Cando fumas diante das persoas que decidiron non facelo, poñendo en risco a súa saúde, que "liberdade" está en xogo, a túa... ou a deles?

- Non fumar en espazos pechados aínda que sexan privados é unha cuestión de saúde, nada ten que ver coas liberdades, nin a tolerancia.
- Respirar o fume de tabaco ambiental exhalado por unha persoa fumadora e pola combustión do tabaco (tabaquismo pasivo) é capaz de producir as mesmas enfermidades que nas persoas fumadoras. Ten respecto polas persoas que non desexan fumar!!!

Non te deixes manipular

Parácheste a pensar por que apareceron novas formas de consumo, que nos presentan como de baixo risco para a saúde, sen que os expertos avalen esta afirmación? Descubre o posicionamento da Organización Mundial da Saúde (OMS) e das sociedades científicas sobre este tema.

Detrás destas "novidades" están os motivos económicos das empresas que buscan novos mercados a pesar dos prexuízos para a saúde. **O custo para ti non só será en saúde, senón tamén en diñeiro. Seguro que é así como o queres gastar? Non deixes que os seus intereses, estean por riba dos teus e da túa saúde.**